



## Memoria xustificativa para a sinatura da 4ª prórroga do Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Agrupación Española de Entidades Aseguradoras de los Seguros Agrarios Combinados S.A. (AGROSEGURO) para o fomento dos seguros agrarios na Comunidade Autónoma de Galicia

Os seguros agrarios son una eficaz ferramenta de protección dos agricultores e gandeiros contra as adversidades meteorolóxicas e outros fenómenos alleos ao seu control que poidan causar perdas nas súas explotacións.

A Consellería do Medio Rural subvenciona, a través dos orzamentos da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, a contratación de seguros agrarios, axuda que, engadida á que proporciona o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación a través da Entidade Estatal de Seguros Agrarios (ENESA), supón un nivel de financiamento que nalgúns casos acada o oitenta por cento neto das pólizas.

No DECRETO 332/1995, do 27 de decembro, polo que se establecen na Comunidade Autónoma galega axudas para o fomento da contratación de seguros agrarios, dispónse que *“a suscripción do seguro realizarase únicamente a través das entidades aseguradoras autorizadas polo Ministerio de Economía e Facenda e incluídas na Agrupación Española de Entidades Aseguradoras de los Seguros Agrarios Combinados S.A. (Agroseguro)”* e tamén que *“o importe da axuda a abonar pola Consellería de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias será deducida do importe da prima a pagar polo tomador no momento de subscribir a póliza. As cantidades así descontadas serán abonadas pola devandita Consellería a Agroseguro contra certificacións de liquidación, e sempre de acordo co procedemento que se estableza no correspondente convenio de colaboración concertado entre a Xunta de Galicia e Agroseguro.”*

Con data 31 de decembro de 2018 subscribiuse o convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e AGROSEGURO, S.A. para o fomento dos seguros agrarios na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias  
Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 2ª planta  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfonos: 981 544 777 // 881 999 070  
mediorural.dxgaia@xunta.gal  
mediorural.xunta.gal





Segundo a súa cláusula décimo segunda, o convenio ten unha vixencia de catro anos dende a data da súa sinatura, podendo ser prorrogada por períodos anuais mediante a sinatura do documento correspondente, previo acordo das partes, e por un período de ata catro anos adicionais.

A terceira das catro prórrogas adicionais que o Convenio permite, asinouse o ano pasado ao remate da vixencia da 2ª das prórrogas preceptivas, previo acordo das partes e cunha data de vixencia ata o 31/12/2025, polo que, estando próximo o seu final, é preciso asinar unha nova.

Por outra banda, na primeira prórroga asinada modificouse o convenio inicial, en concreto a súa cláusula décima, relativa á protección de datos, co obxecto de actualizar os termos do convenio á normativa aplicable nesta materia, modificación que se mantén para esta nova prórroga que é preciso asinar agora antes do remate do ano.

O instrumento convencional obxecto de prórroga ten como fins principais:

1. Regular a liquidación e pagamento a AGROSEGURO de parte das primas a satisfacer polos tomadores dos Seguros Agrarios Combinados que corresponde achegar á Consellería do Medio Rural, naqueles Plans e Liñas que se consideren subvencionables, de acordo co disposto no Decreto 332/1995 do 27 de decembro (DOG nº 2, do 3 de xaneiro de 1996).

A subvención ás primas que por este concepto aboará a Consellería do Medio Rural será a establecida na orde pola que se aproben as bases reguladoras das axudas á subscripción de pólizas de seguros agrarios ditadas pola Consellería do Medio Rural, logo de coñecemento de AGROSEGURO co fin de comprobar que o sistema de aplicación de subvencións é compatible cos que están establecidos, ou sexan susceptibles de implantar, e permitan a súa inclusión no ámbito do presente Convenio.

2. Regular a información e documentación, a achegar por AGROSEGURO á Consellería do Medio Rural, necesaria para que esta desenvolva axeitadamente a súa función de control e coordinación administrativa.





3. Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e AGROSEGURO para o intercambio da información sobre as producións agropecuarias, e os danos ocasionados nelas, susceptibles de aseguramento no ámbito territorial de Galicia.

4. Promover a subscrición dos Seguros Agrarios Combinados entre os agricultores e gandeiros de Galicia como vía para compensar as súas rendas fronte aos fenómenos meteorolóxicamente adversos e outros riscos.

Os seguros agrarios constitúen un importante instrumento para a regulación e profesionalización do sector agrario, ao permitir que os gandeiros e agricultores que os subscriben poidan facer fronte a perdas económicas xurdidas como consecuencia de enfermidades no gando, meteoroloxía adversa ou outro tipo de sinistro.

É de interese mutuo colaborar e xuntar esforzos en todas aquelas actuacións encamiñadas ao desenvolvemento e perfeccionamento dos Seguros Agrarios Combinados en Galicia.

Esta prórroga non supón gasto económico para a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Considérase que, para a sinatura desta prórroga, se manteñen as condicións que motivaron a sinatura do convenio inicial suscrito o 31 de decembro de 2018..

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Silvestre José Balseiros Guinarte

